"MERCA E GAÑA" é unha campaña promocional e publicitaria, promovida e organizada pola Asociación de Comercio Punto Compostela CCA, coa colaboración da Federación Galega de Comercio e ABANCA. Os premios a sortear nesta campaña consisten en TARXETAS PREPAGO polos importes que se especificarán no apartado "*4. Premios*" e que deberán ser utilizadas de novo polas persoas agraciadas para mercar no comercio de proximidade adherido á Asociación.

A "Edición 2026" desta campaña promocional iniciarase o 1 de outubro de 2026 e rematará o 21 de outubro de 2026, ambos engadidos. O ámbito da campaña é o Concello de Santiago de Compostela, podendo participar as persoas consumidoras/clientela dos establecementos integrados na Asociación de Comercio Punto Compostela CCA, segundo a mecánica de funcionamento que se detalla nas presentes bases.

2. Obxectivo

O obxectivo fundamental da campaña é incrementar as vendas e incentivar o consumo no comercio local de Santiago de Compostela e fidelizar a clientela.

3. Dinámica e Funcionamento

Trátase dunha campaña "aberta", na que poderán participar todas as persoas consumidoras maiores de idade que se rexistren a tal efecto seguindo as indicacións detalladas seguidamente neste apartado, e que realicen unha compra por calquera importe en comercios locais adheridos á Asociación de Comercio Punto Compostela durante as datas de duración da campaña. Isto é, do 1 ao 21 de outubro de 2026, ambos engadidos. Non poderán participar nesta campaña/sorteo as persoas traballadoras da Asociación Comercio Punto Compostela CCA, nin familiares ata segundo grao dos mesmos, así como os titulares e empregados dos establecementos comerciais con tickets de compra dos seus propios negocios.

A clientela que merque nos comercios asociados nas datas sinaladas (entre o 1 e o 21 de outubro de 2026, ambos engadidos), e que desexen participar na campaña, **deberán en todo caso conservar o ticket da compra realizada en ditos establecementos, ou unha fotografía do mesmo, a fin de dispoñer dun xustificante.**

3.1. Modalidades de inscrición e rexistro da compra realizada aos efectos de participar no sorteo

Rexistro da compra pola persoa consumidora/clientela

A persoa consumidora poderá rexistrarse para participar nesta campaña/sorteo a través da plataforma/dirección web habilitada a tal efecto e denominada www.mercaeganasantiago.com , efectuando o correspondente rexistro da operación de compra realizada no comercio local de Compostela integrado na Asociación de comercio Punto Compostela CCA, que lle dará dereito a 1 participación no sorteo.

No rexistro deberá quedar perfectamente identificada a operación de compra realizada e a persoa consumidora ou usuaria.

So se poderá facer un rexistro por compra e cada operación de compra rexistrada equivale a 1 participación no sorteo. Así, cantas máis compras se fagan nos comercios adheridos, máis participacións se poderán obter e máis posibilidades de gañar un dos premios sorteados.

Para rexistrar debidamente cada unha das compras realizadas, aos efectos de participar nesta campaña e optar aos premios que se sortearán dentro da mesma, as persoas consumidoras deberán facilitar os seguintes datos no momento de realizar o rexistro de cada compra:

- Nome completo e apelidos.
- DNI ou NIE.
- Teléfono móbil
- Código postal de residencia.
- Data na que se efectuou a compra.
- Nome completo do comercio onde realizaron a compra.
- Xuntar copia do ticket da compra efectuada.

Así mesmo, as persoas consumidoras poderán rexistrarse na plataforma web e obter unha conta de usuario para acceder a unha zona privada onde xestionar os seus datos persoais e a información de privacidade, rexistrar compras de maneira máis sinxela, consultar todas as compras rexistradas e poder modificalas, e máis funcionalidades específicas para persoas rexistradas.

Os datos facilitados polas persoas consumidoras serán tratados pola entidade organizadora cumprindo tódolos protocolos e toda a normativa vixente de protección de datos, tal e como se recolle no apartado "*8. Protección de datos*".

Cada compra debidamente rexistrada que cumpra cos requisitos destas bases, dará dereito a unha participación no sorteo desta campaña promocional, pero cada persoa consumidora terá dereito a obter un único premio de tódolos sorteados, e no caso de ser agasallado cun premio no curso da realización do sorteo, xa non terá opción a obter máis premios. Cantas máis compras fagan nos comercios adheridos á Asociación organizadora, máis participacións poderán obter e máis posibilidades de gañar.

Rexistro da compra polo comercio

O comercio pode participar activamente nesta campaña/sorteo rexistrando as compras da súa clientela a través da plataforma/dirección web habilitada a tal efecto e denominada www.mercaeganasantiago.com. Para elo, debe rexistrarse na plataforma web proporcionando os datos requiridos en relación ao seu comercio (proceso detallado no apartado "*3.2. Rexistro dos comerciantes*"), e posteriormente

efectuando o correspondente rexistro da operación de compra realizada no seu establecemento comercial. Esta modalidade dá á clientela a posibilidade de obter 2 participacións no sorteo por cada operación de compra rexistrada. No rexistro deberá quedar perfectamente identificada a operación de compra realizada e a clienta ou cliente.

Para rexistrar debidamente cada unha das compras realizadas, aos efectos de participar nesta campaña e optar aos premios que se sortearán dentro da mesma, as persoas consumidoras deberán facilitar ao comerciante os seguintes datos no momento de realizar o rexistro de cada compra:

- Nome completo e apelidos.
- DNI ou NIE.
- Teléfono móbil
- Código postal de residencia.

De igual maneira, os datos facilitados polas persoas consumidoras e comerciantes serán tratados pola entidade organizadora cumprindo tódolos protocolos e toda a normativa vixente de protección de datos, tal e como se recolle no apartado "*8. Protección de datos*".

Cada compra debidamente rexistrada por cada comerciante e que cumpra cos requisitos destas bases, **dará dereito a dúas participacións no sorteo desta campaña promocional**, pero cada persoa terá dereito a obter un único premio de tódolos sorteados, e no caso de ser agasallado cun premio no curso da realización do sorteo, xa non terá opción a obter máis premios.

3.2. Rexistro dos establecementos comerciais.

Os comerciantes poden rexistrarse na plataforma web da campaña, accesible a través da ligazón www.mercaeganasantiago.com co fin de participar activamente na campaña. Para o rexistro, debe proporcionar toda a información requirida no formulario, relativa á empresa e aos establecementos comerciais participantes. Unha vez completado o rexistro, o comercio pode acceder ao seu apartado privado da web e, dende aí, rexistrar todas as operacións de compra feitas nos seus establecementos comerciais.

4. Premios

Os premios a sortear nesta campaña consistirán en Tarxetas Prepago de ABANCA, debidamente personalizadas coa imaxe da campaña, e que as persoas que resulten agraciadas, deberán utilizar para realizar novas compras única e exclusivamente nos comercios integrados na Asociación de Comercio Punto Compostela CCA. Deste xeito, cúmprese o fin último da campaña de incentivar o consumo e incrementar as compras no comercio de proximidade.

No sorteo detallado no apartado "*6. Realización do sorteo*", sortearanse os seguintes premios entre todas as persoas participantes e debidamente rexistradas, tal e como se recolle nas presentes bases:

- **5 tarxetas prepago por importe de 200€ cada unha delas.**
- **20 tarxetas prepago por importe de 100€ cada unha delas.**
- **2 tarxetas prepago por valor de 500€.** (SORTEO PRESENCIAL)
- **1 tarxeta prepago por valor de 1000€.** (SORTEO PRESENCIAL)

Importe total dos premios a sortear: **5.000€ IVE engadido**.

TARXETAS PREPAGO REGALO

As persoas consumidoras que resulten agasalladas neste sorteo deberán utilizar estas tarxetas prepago para mercar nos comercios adheridos á asociación organizadora, coas seguintes condicións:

- **A data límite para gastar o importe das tarxetas prepago é o 31 de decembro de 2026.**
- **As tarxetas prepago non poderán ser empregadas para comprar a través de internet.**

Cada consumidor ou consumidora participante na campaña poderá optar aos premios con varias participacións se é o caso, pero unha vez agraciado cunha destas tarxetas prepago xa non poderá optar a ningún outro premio máis nesta mesma edición, podendo obter polo tanto cada unha unha única tarxeta prepago dun dos importes indicados con anterioridade. Non poderán resultar agraciadas neste sorteo os comerciantes e os seus empregados participantes na campaña que rexistren compra como clientes usando os tíckets do seu propio establecemento comercial para participar, nin tampouco os empregados da entidade organizadora nin familiares ata segundo grao dos mesmos. As persoas consumidoras agraciadas deberán ser todas maiores de idade.

Así mesmo, só poderá saír un premio por establecemento comercial participante. Isto é, no caso de que resultara premiado unha clienta dun comercio cun tícket de compra feita no mesmo, non poderá ser agraciado de novo nesta mesma edición unha nova clienta do mesmo establecemento con outro tícket de compra realizada neste mesmo comercio, de tal forma que se distribúan os premios máis equitativamente e se dean máis oportunidades para que toda a clientela de todos os establecementos participantes poidan ter a opción de obter un agasallo.

Entrega dos premios

A entrega das tarxetas prepago aos agraciados será realizada nun **acto de entrega** de premios, que terá lugar o **29 de outubro de 2026, no local da Confederación de Empresarios de Galicia.**

Consultar as condicións e métodos de publicación e aceptación dos premios no apartado "*5. Realización do sorteo*", sección "TARXETAS PREPAGO REGALO".

TARXETAS PREPAGO PRESENCIAIS

Ademais dos premios establecidos na presente campaña, incorporarase un sorteo adicional presencial, mediante formato de urna ou similar, de tres tarxetas prepago por importe de 500, 500 e 1000 euros, cuxa participación está suxeita ás seguintes condicións específicas:

- Poderán participar todas as persoas consumidoras que **asistan presencialmente ao acto de entrega de premios** da campaña, que terá lugar o **29 de outubro de 2026, no local da Confederación de Empresarios de Galicia.**
- Para poder participar, as persoas asistentes deberán acreditar ante a organización, mediante tícket ou factura, unha compra realizada no comercio local asociado entre o 1 de outubro de 2026 e ata o momento do inicio do acto de peche de campaña o día 29 de outubro de 2026 cun importe maior ou igual a 20€. Con isto, entregaráselle unha matriz a cada participante (ata completar aforo) Seguidamente, serán elixidas da urna onde estean todas as matrices as persoas agraciadas, seguindo unha orde de extracción de: primeiro, as dúas tarxetas de 500€ e por último o premio de 1000€.
- Poderán participar neste sorteo e resultar gañadoras, unicamente as persoas que asistan presencialmente ao acto de entrega de premios, aínda que o fagan en representación acreditada doutra persoa premiada. Quedan excluídos de participar as persoas da directiva, persoas empregadas da Asociación de Comercio Punto Compostela CCA, así como as da directiva e empregadas das distintas federacións e/ou asociacións/entidades participantes na campaña.
- Unha vez a persoa foi premiada, non poderá ser novamente premiada.

As tarxetas de premio valoradas nun importe de 500, 500 e 1000 euros terán que ser empregadas polas persoas gañadoras en novas compras, cumprindo as seguintes condicións:

- Deben facerse nunha única xornada de compras, na data sinalada pola organización e nun período de 4 horas.
- Efectuaranse exclusivamente en establecementos comerciais adheridos á Asociación de comercio Punto Compostela.
- O gasto do importe das tarxetas terá que ser como máximo de 200€ en cada un dos establecementos asociados.
- As persoas gañadoras serán acompañadas aos establecementos por membros da directiva da asociación organizadora.

5. Realización do sorteo

TARXETAS PREPAGO REGALO

O SORTEO terá lugar en data de 23 de outubro de 2026 ás 12.00 horas, de xeito telemático mediante un código programado que elixirá aleatoriamente ás agraciadas de entre todas as participantes, ata rematar a totalidade de premios dispoñibles para sortear na campaña que se detallan no apartado "*4. Premios*".

A realización telemática do sorteo polo sistema referido, non será aberta ao público, sendo o resultado do mesmo comunicado as persoas agraciadas polos medios que determine a organización, e que permitan deixar constancia da notificación realizada fehacientemente.

No mesmo acto de realización do SORTEO TELEMÁTICO, ademais das persoas elixidas como agraciadas en primeiro lugar, e seguindo o mesmo sistema telemático, serán elixidas tamén aleatoriamente o seguinte número de reservas, para o caso de que algunha das premiadas non cumpra as condicións ou requisitos desta campaña detallados nas presentes bases reguladoras:

- 3 reservas para as tarxetas prepago valoradas en 200€
- 10 reservas para as tarxetas prepago valoradas en 100€

A entrega das Tarxetas Prepago as persoas agraciadas será realizada na modalidade que acorde a organización, unha vez realizado o sorteo, sendo todas as agraciadas fehacientemente notificados a tal fin, mediante comunicación persoal.

En calquera caso, comunicaráselles as persoas agraciadas previamente e coa antelación suficiente no seu caso, a modalidade acordada para a entrega dos premios. No caso de que algunha persoa agraciada non se presente a recoller o premio correspondente, unha vez notificado fehacientemente e convocada a tal efecto, entenderase que renuncia ao mesmo a tódolos efectos, salvo que a persoa xustifique a súa ausencia ante a organización por causa de forza maior allea á súa responsabilidade, e proceda a nomear neste caso a unha persoa representante que o recolla no seu nome, que deberá acudir a dita entrega debidamente identificada e autorizada pola agraciada segundo indicacións da organización.

TARXETAS PREPAGO PRESENCIAIS

Entre as persoas consumidoras que asistan presencialmente ao acto de entrega de premios da campaña, **sortearanse tres tarxetas agasallo de 500, 500 e 1000€**.

O sorteo realizarase entre todas as persoas asistentes que cumpran os requisitos mencionados no apartado "*4. Premios*", sección "TARXETAS PREPAGO PRESENCIAIS" das presentes bases, mediante un sistema aleatorio de extracción en urna ou procedemento equivalente, garantindo a transparencia e aleatoriedade.

Este sorteo adicional non afecta á participación no resto de premios da campaña, sendo unha acción extraordinaria e independente, destinada a premiar a implicación

e fidelidade das consumidoras que apoian o comercio local compostelán e acoden ao evento final de peche da campaña.

6. Fiscalidade

Os premios enténdense como cantidades brutas, suxeitas ás retencións que establece a lei vixente; polo tanto, a dita retención aplicarase automaticamente nos supostos que proceda.

A entidade organizadora realizará tódolos trámites pertinentes para a comunicación previa desta campaña ao servizo de XOGOS, encargándose así mesmo da liquidación das pertinentes taxas perante Facenda Autonómica (12% do valor económico total do sorteado)

7. Bases

Estas bases serán depositadas ante notario, e así mesmo estarán a disposición de tódalas persoas interesadas en participar e que desexen consultalas na páxina web www.mercaeganasantiago.com.

A mera participación nestes sorteos supón a plena aceptación das presentes bases que rexen a campaña, así como de todo o disposto nas mesmas a tódolos efectos. O incumprimento destas bases supón a privación de todos os dereitos que podan derivar da participación na campaña.

8. Protección de datos

De conformidade co disposto no **Regulamento da UE 2016/679 de 27 de Abril do 2016**, así como na **Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos persoais e restante normativa estatal de aplicación no seu caso**, infórmase que os datos subministrados polo titular dos mesmos aos efectos de participar nesta campaña, serán incorporados a un ficheiro ou rexistro privado e confidencial, do que é titular e responsable a entidade FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO, CIF G27170158, Ronda da Muralla, nº 52, entrechán dereita, 27002 de Lugo; teléfono 982255120, correo electrónico ffgc@comerciogalicia.es. Este ficheiro estará depositado e almacenarase pola empresa: CDMON, con domicilio en Malgrat de Mar, 08380 de Barcelona, c/ Girona 81-83, Local 6, entidade que cumprirá así mesmo con tódalas garantías de confidencialidade e con tódalas obrigas derivadas da normativa de protección de datos aplicable.

Que a lexitimación para a obtención destes datos ven dada, pola necesidade de contar cos mesmos para poder participar nesta campaña/acción promocional ou publicitaria, sendo tales datos tratados con tódalas garantías, e coa única finalidade de dar saída e cumprimentar os fins e obxectivos propios da campaña, e serán ditos datos conservados polo responsable do ficheiro durante o período de duración de dita campaña.

A través da súa participación nesta campaña, a persoa titular dos datos cedidos para a mesma, que coñece e acepta o contido destas bases, presta o seu consentimento e autoriza expresamente a que tales datos básicos de identificación facilitados a tal fin, así como as imaxes tomadas no seu caso dos actos da campaña, poidan ser publicitados/as en medios de comunicación, redes sociais etc, todo elo a efectos única e exclusivamente de divulgar e publicitar dita acción promocional. Así mesmo autoriza a que os datos sexan cedidos a terceiras empresas relacionadas coa entidade organizadora, aos únicos e exclusivos efectos de dar cumprimento aos fins da campaña en canto a divulgación, publicidade e promoción da mesma.

A persoa titular dos datos subministrados, poderá exercer en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación ou supresión, limitación do tratamento, oposición ao seu tratamento, portabilidade, esquecemento, e todos aqueles recollidos na normativa aplicable, por medio de comunicación escrita dirixida a FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO, Ronda da Muralla, nº 52, entrechán dereita, 27002 de Lugo; teléfono 982255120, correo electrónico ffgc@comerciogalicia.es, na cal conste expresamente e se especifique o dereito que desexa exercitar.

A persoa titular ten dereito tamén a reclamar ante a autoridade de control en materia de Protección de Datos, no caso de que considere que se vulneraron os seus dereitos nesta materia ou non obtivera satisfacción no exercicio dos mesmos.

9. Dereito de modificación

A Asociación de Comercio Punto Compostela CCA resérvase o dereito a modificar total ou parcialmente estas bases, así como o de suspender a campaña/sorteo, sen incorrer en ningún tipo de responsabilidade.